



**IES de Allariz
(Allariz, Ourense)**


4º ESO | PRESENTACIÓN

Cabido Cid, Ana
Nogueira Padrón, Icíá

LEMA: Cambio de todos

DESCRIPCIÓN:

Queremos facer ver á xente, que poden existir moitas organizacións, campañas... pero o máis importante é que todos e cada un de nós colaboremos, porque eses pequenos xestos que nos parecen insignificantes poden supor un gran cambio se todas as persoas os facemos.



IES de Allariz (Allariz, Ourense)

**IES de Arzúa (Arzúa,
A Coruña)**

1º-2º ESO | PRESENTACIÓN

Villar Regueiro, Leyre
Carrillo Vázquez, Andrea
Gómez Sánchez, Aldara

**LEMA: Cambio climático
e contaminación**

DESCRIPCIÓN:

Causas e consecuencias das nosas accións e da contaminación global.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º-2º-3º-4º ESO | **CURTO-TEATRO**

Villar Regueiro, Leyre
Villar Parrado, Patricia
Longarela Bao, Samuel
Mejuto Seoane, Sara
Pereira Rodríguez, Alfonso
Pérez Mosquera, Ana
Saavedra Sánchez-Mera, Joaquín N.
Vázquez Mato, Eva M^a
Dopico Carrón, Olalla
Villar Villar, Yessica
Ramos Fuentes, Carlos
Seoane Valiño, Iván
Gómez Currrás, Marcos

LEMA: A selva asubía

DESCRICIÓN:

Obra de teatro sobre o deterioro da selva producido por intereses económicos.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | **CURTO-TEATRO**

Villar Paz, Antía
Dopico Carrón, Olalla
Gómez Sánchez, Aldara

LEMA: Patio de luces

DESCRICIÓN:

Obra de teatro adaptada do conto de Agustín Agra.





IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | POSTER

Vázquez Mato, Eva M^a

LEMA: As vítimas do cambio climático

DESCRICIÓN:

As vítimas do cambio climático non son só certas especies. Aféctanos a todos nós e ao noso entorno máis próximo.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | PRESENTACIÓN

Vázquez Mato, Eva M^a

LEMA: O efecto invernadoiro e as súas consecuencias

DESCRICIÓN:

Mostra as consecuencias do efecto invernadoiro causado polo aumento dos gases na atmosfera. Preténdese que a xente se dea conta do que está a pasar para que lle poña remedio.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | PÓSTER

Vázquez Mato, Eva M^a

LEMA: Pon a túa peza fronte ao cambio climático

DESCRICIÓN:

Este traballo trata as causas e consecuencias do cambio climático, presentando tamén algunhas solucións. Inclúe un gráfico dos gases de efecto invernadoiro que están presentes na atmosfera.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º ESO | MAQUETA

Varela Mouriño, Mario
Martínez Vázquez, Víctor
Santos Castro, Sergio

LEMA: A contaminación non ten mérito

DESCRICIÓN:

Con este proxecto queremos amosar o perigo da contaminación producida polas fábricas, que expulsan CO₂ á atmosfera, e polo uso excesivo dos coches, que poderíamos evitar usando o transporte público. Esta maqueta está feita con material non contaminante.





IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º Ciclo Medio Forestais | **MAQUETA**

Tapias Fraile, Luís
Carballo Insausti, Xan

LEMA: Aeroxerador

DESCRICIÓN:

Aeroxerador eólico reciclado



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º ESO | **POESÍA**

Taboada Méndez, Anabel
Villar Regueiro, Leyre
Rodríguez García, Almudena

LEMA: O noso planeta

DESCRICIÓN:

Con esta poesía pretendemos que o noso planeta estea sempre limpo e non contaminado. Para iso debemos colaborar todos na súa mellora.

O NOSO PLANETA

*O noso planeta está moi triste
porque o cambio climático se resiste.*

*Como queremos que estea contento,
temos que actuar con talento.*

*Se o axudamos a tempo
evitaremos tanto descontento.*

*Xa que o queremos con amor,
non queremos que morra con dor.*

*Se o axudamos
terá moitos ánimos.*

*E para que isto ocorra
imos actuar con premura.*



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º ESO | POESÍA

Taboada Méndez, Anabel
Villar Regueiro, Leyre
Rodríguez García, Almudena

LEMA: Salvemos o planeta!

DESCRICIÓN:

Con este lema queremos evitar que se faga un uso inadecuado do planeta. Se todos nos comportamos correctamente, teremos un planeta limpo, formidable e gozaremos moito máis del.



SALVEMOS O PLANETA!!!

*Ai, que Planeta máis triste!
O cambio climático persiste!
Axudémolo a estar contento,
e actuemos con talento:
Xa non máis queimas no bosque,
nin indiscriminadas cortas.
Xa non máis fume das térmicas,
xa non máis CFC, na atmosfera.
Xa fóra cos pesticidas,
e fóra cos herbicidas,
e fertilizantes fóra.
Xa non malgastemos auga,
Xa non a contaminemos :
esquezamos para sempre
as mareas negras, NEGRAS,
os ríos contaminados,
vertidos vertendo nelas.
Non perdamos máis o tempo!
Polo Planeta sentimos amor,
e non queremos que morra con dor.
Se o axudamos, terá máis ánimos,
E para que isto ocorra,
actuemos con premura.*



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

3º ESO | POESÍA-PRESENTACION

Ramos Fuentes, Carlos

LEMA: Hoy tenía ganas de..

DESCRICIÓN:

"Hoy tenía ganas de..." é un poema no que, personificando o noso planeta, un rapaz reflexiona sobre o novo mundo e o que estamos facendo con el.

Hoy tenía ganas de besar de nuevo el viento...
Hoy tenía ganas de fuego, de agua, de aire, de tierra...
Hoy tenía ganas de besarte, abrazarte, sonreírte...
Hoy tenía ganas de... de tantas cosas ya muertas...

Hoy tenía ganas de...
Carlos Ramos Fuentes

Hoy tenía ganas...
de ver un mundo nuevo,
un mundo limpio,
un futuro verde...

Hoy tenía ganas de cambiar...
de ver al mundo...
de otra manera...
¿CÓMO? ¿CÓMO?

Hoy tenía ganas de ver un arco iris...
de sonar con una nube, de reflejarme en tus aguas,
de besar una hoja, de soñar con un verso,
de volar, de vuelos... de vuelos sin mancha...



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º ESO | **CURTO**

Pampín Basso, Julieta
Sánchez Pereira, Laura

LEMA: Ti decides

DESCRICIÓN:

Preguntamos á xente para coñecer a súa postura e opinión sobre o cambio climático e aconsellámola sobre algunhas accións que se poderían levar a cabo.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

3º ESO | **CURTO**

Montero Vázquez, Xaquín

LEMA: Santiago, ano 2060

DESCRICIÓN:

As consecuencias do cambio climático en Santiago de Compostela.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

3º ESO | POSTER

Montero Vázquez, Xaquín

LEMA: Santiago, ano 2060

DESCRICIÓN:

O cambio climático na cidade de Santiago de Compostela.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | CURTO-TEATRO

García López, Alejandro
Saavedra Sánchez-Mera, Joaquín N.
Longarela Bao, Samuel

LEMA: Gavela de mariñeiros xubilados

DESCRICIÓN:

Obrña de teatro baseada no conto de Agustín Agra.





IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º Ciclo Medio Forestais | **CURTO-PRESENTACIÓN**

Duro Santos, Vicente
Saavedra Deira, Diego
Vicente Díaz, Víctor
Curros Vázquez, Jonatan

LEMA: O Camiño de Santiago no concello de Arzúa: corredor ambiental. A nosa pegada e a do peregrino

DESCRICIÓN:

Desde xa o camiñante contamina moito menos que os vehículos, pero de todos os xeitos, e especialmente dada a cantidade de peregrinos que percorren esta parte do camiño compostelán, ten certos efectos sobre a paisaxe. Por unha banda, é necesario concienciar a quen percorre estes camiños sobre a importancia de preservar a riqueza natural, pero é tamén necesario que existan medidas de protección e control do potencial natural. Isto foi o que atopamos no camiño.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | **PÓSTER**

Dopico Carrón, Olalla
Villar Villar, Yessica

LEMA: A contaminación

DESCRICIÓN:

Póster con gráficos sobre a contaminación e o desxeo.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | **CURTO**

Dopico Carrón, Olalla
Villar Villar, Yessica

LEMA: O planeta e o seu estado

DESCRICIÓN:

Curto sobre os cambios que se están a producir no clima.

O PLANETA E O SEU ESTADO



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º ESO | **CURTO**

Dopico Carrón, Olalla
Villar Villar, Yessica

LEMA: Medio ambiente

DESCRICIÓN:

Curto que recolle exemplos do que lle estamos a facer á Terra.

A PARTE BONITA DA NOSA TERRA.





**IES de Arzúa (Arzúa,
A Coruña)**

2º ESO | POESÍA

Dopico Carrón, Olalla

LEMA: Natureza

DESCRICIÓN:

Nós e a nosa relación coa Natureza.

«A CANCIÓN DA NATUREZA»

As flores cantan

Cantan unha canción

Unha canción triste

Sobre a contaminación.

**OS PAXAROS CANTAN
CANTAN UNHA CANCIÓN
UNHA CANCIÓN TRISTE
SOBRE O QUE PASARÁ
COA TERRA.**

As árbores cantan

Cantan unha canción

Unha canción triste

Sobre o que os humanos

Estamos a facer

Co noso fogar

Co noso mundo

Co noso futuro.

***Temos unha opción
Ter sentido da obrigación***

¡AXÚDANOS, É A ÚNICA OPCIÓN!

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

**IES de Arzúa (Arzúa,
A Coruña)**

1º ESO | CANCIÓN

Cisneros García, Boris

Gómez Currrás, Jorge

Villar Villar, Iván

LEMA: A canción da Terra

DESCRICIÓN:

Un grupo de rapaces (Boris, Iván e Jorge) viaxa por todo o mundo contando como as accións irresponsables dos distintos países inciden no cambio climático.



A canción da Terra

Estaba polo mundo
viaxando un montón
cando vin
a xente de Alcorcón
reciclar un mogollón.

Tomei a iniciativa
e díxenllo a miña piva.

Voume a Europa
con vento en popa
para comunicárllelo
a toda a tropa.

Funme
a cidade madrileña
a contárllelo
a toda a peña.

Os franceses
contaminan un montón
coa Renault
que teñen en Ferrol.

Xa que falamos
do cambio climático
agora vamos
ó continente asiático.

Viaxamos a China
porque é un dos países
que mais contamina.

A India
esta deforestada
e dentro de pouco os
indíxenas
van quedar sen nada.

Estamos
de acordo en algo
a central nuclear
só vale para contaminar.

Volvín á miña terra
sufocado da calor
e iso que alí
non era normal que fixese sol.

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º ESO | MAQUETA

Cisneros García, Boris
Gómez Currrás, Jorge
Villar Villar, Iván

LEMA: Central nuclear

DESCRICIÓN:

Esta central nuclear foi elaborada con papel de cociña, cola, madeira e espuma sobre cartón. Está situada nun deserto e protexida por un muro de pedra. No interior costa de dúas torres e un edificio principal que están unidos por tubos polos que se transportan os residuos.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

1º BAC | CURTO

Castro Iglesias, Arantxa
Mato Cagide, Rocío
Rial Vázquez, Yolanda
Rúa Andrade, Mª Cruz
Moscoso Sixto, David
Iglesias Varela, Jose Antonio
Maneiro Cuesta, Irene

LEMA: Rueiros Climantica

DESCRICIÓN:

É un programa televisivo dentro da categoría reportaxe/documental producido polo IES de Arzúa. O programa consiste nun xornalista e un cámara que entrevistan e gravan mostrando aspectos cotiáns de lugares, profesións ou eventos relacionados co consumo responsable de enerxías e o cambio climático.





IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

3º ESO | MAQUETA-XOGO

Castro Cajade, Álvaro
Seoane Valiño, Iván
Montero Vázquez, Xaquín

LEMA: Climapoly

DESCRICIÓN:

Este xogo é un medio máis para sensibilizar á xente no que na Terra está a pasar: CONTAMINACIÓN, DESGASTE, DESTRUCCIÓN... así con ela imos rematar. Aprender xogando ou ensinar ao noso futuro divertíndose son os nosos lemas para levar a cabo este pequeno proxecto. Nel trátanse conceptos como as enerxías, os seus tipos, renovables e non renovables, como se explotan, tipos de centrais, contaminantes ou non, o fomento do uso das enerxías limpas dando subvencións, becas, premios... O símbolo da árbore e o bosque teñen un significado medioambiental: se plantamos árbores e bosques, hai menos CO2 e máis osíxeno. POR ISO XOGA, DIVÉRTETE E APRENDE!



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

2º-3º ESO | CURTO

Castro Cajade, Álvaro
Pereira Rodríguez, Alfonso
Villar Parrado, Patricia

LEMA: Sen título ("...")

DESCRICIÓN:

Puntos suspensivos significa que é un traballo sen título, feito ao revés, para que vós llo poñades despois de observar o que está a pasar.



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)



Un queixume aterrador

Ai! Ai! Ai!

De onde vén ese queixume tan estrano tan fondo e aterrador? A Terra berra desesperada estremecida de dor

Ai! Ai! Ai!

Non escoitei!
Non fixen caso!
Non reciclei!
Non actuei!
Non o intentei!
É moi tarde!
o mal está feito
xa non hai solución!
E agora quéixome
quéixome e morro,
morro...
pouco a pouco.
Sen nada de nada

Sen aire
Sen verde
Sen vida...
E con todo, todo destruído
acabado
queimado
contaminado...
Fáltame a vida, as ganas de vivir
porque non souben loitar
por un planeta verde, azul
limpo, sen lixo, sen contaminar.

Os seus queixumes non escoitei,
avisoume, avisoume moitas veces,
centos de mil, cun moribundo aí!
que non fun quen de interpretar.
Morría e morría
e eu sen reaccionar
paseniño, paseniño
a súa vida está a finar.
É así como os humanos,
presuntamente intelixentes,
coa nosa nai Terra
logramos acabar.

IES de Arzúa
(Arzúa, A Coruña)

3º ESO | POESÍA

Castro Cajade, Álvaro

LEMA: Un queixume aterrador

DESCRICIÓN:

Un terrible lamento da Terra estase a escoitar... Axudádelle xa!

Corre o ano 2010
pouco se pode arranxar
pero...
aínda estamos a tempo
podémolo solucionar,
a esperanza non se perde,
o mal podemos paliar
soíños, sen máis
a Terra podemos sandar.
Quen non fai por salvar a súa nai?
Adiante humanos! Adiante xa!



IES de Arzúa (Arzúa, A Coruña)

3º ESO | CÓMIC

Castro Cajade, Álvaro

LEMA: Unha historia de paxaros

DESCRICIÓN:

Un heroe prodixioso acompáñanos nun percorrido polas rutas migratorias das aves, convidándonos a descubrir as alteracións sufridas por estas a causa do cambio climático.

